

ACTA

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a Vanessa Quintela Pedreira

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

En Arzúa, a 1 de marzo de 2018.

Sendo as 20:10 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Se ben, antes de proceder a tratar sobre o primeiro asunto da Orde do día desta sesión, polo Sr. alcalde douse traslado aos restantes membros da Corporación Loal da petición verbal que fixeran os membros da Plataforma Veciñal Mina de Touro e O Pino, para que poidera ser tratada -antes que o resto das mocións- a moción sobre a mina de Touro, que vai en último lugar dos asuntos incluídos da parte resolutoria da Orde do día desta sesión, para así non ter que esperar os membros da

citada Plataforma Veciñal, que se encontran presentes no Salón de Sesións, ata que chegue o turno dese asunto.

Polo que o Sr. alcalde formulou esa alteración no turno dos asuntos do Orde do día desta sesión; de maneira que a referida moción que figura como punto número 6º), pasase a ser tratada como punto número 3º), despois da aprobación da acta da sesión anterior e da resolución do punto 2º) referido á xestión das dúas piscinas municipais, climatizada e descuberta.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- o acordo de adiantar o pronunciamento da moción presentada sobre a mina de Touro, por razón da petición realizada aos membros da Plataforma Veciñal que se atopan presentes; de maneira que esa moción sexa tratada como terceiro punto da Orde do día desta sesión.

Deseguido pasouse a tratar sobre os asuntos que integran o Orde do día desta sesión, pero polo orde agora aprobado en canto ás mocións presentadas.

A) PARTE RESOLUTORIA:

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DAS ACTAS DAS DÚAS SESIÓNS ANTERIORES, CELEBRADAS OS DÍAS 18 E 29 DE DECEMBRO DE 2017.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto ás actas de ditas sesións.

E non formulándose observacións ás mesmas, considéranse aprobadas por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a ditas sesións.

Punto 2º) APROBACION DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXIRÁN PARA LEVAR A CABO A XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA CLIMATIZADA E DA PISCINA MUNICIPAL DESCUBERTA, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESION.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2018; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro (de AxA), realizouse unha explicación das características que vai ter a xestión das dúas piscinas municipais, conforme ao prego de cláusulas administrativas elaborado para iso; e así informou:

- Que o período previsto, para a xestión de ambas piscinas en réxime de concesión, será de dez anos; cuxo prazo poderá ser prorrogado ata por dúas anualidades mais.*
- Que se contempla que non haxa incremento de tarifas, salvo para o suposto de que haxa perdas.*
- Que o prezo do canon é de 2.934.048 euros.*
- Que o concello subvencionará á empresa concesionaria con 98.600 euros en cada anualidade.*

Acto seguido abriuse unha ronda de intervencións, realizándose as manifestacións seguintes:

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT), que se vai abster agora para estudar mais detenidamente a documentación presentada, e pronunciarse na sesión do Pleno.*

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), que tamén quere dispoñer de mais tempo para mirar a documentación, polo que se pronunciará no Pleno.*

** Do Sr. García Rodríguez (do PP), que o grupo político do Partido Popular tamén se pronunciará sobre este asunto na sesión do Pleno.*

Tras o exposto, a presidenta da Comisión informativa someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por catro votos a favor (de AxA), coa abstención dos catro concelleiros restantes (2 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de propoñer o Pleno do Concello a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particules e de prescricións técnicas para rexir a xestión das dúas piscinas municipais en réxime de concesión.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que, con respecto ao que dixo na sesión da comisión informativa, quedalle a dúbida sobre o tema das tarifas, porque se di que non se subiran as tarifas se non hai perdas; e pregunta:

- ¿ Se é que ata agora había perdas para xustificar a suba de tarifas?
- ¿ Cal é a aportación que ten que facer o concello para a xestión da piscina?
- ¿Cando se prevé a adxudicación e cando remata a prórroga da actual xestora da piscina?

Responde o alcalde:

- Que, en canto ao tema dos prezos, pola Lei de Desindexación non se poden subir os prezos ao público, nin o IPC; polo cal teñen que quedar os mesmos prezos que había.

- Que el saiba a piscina non estaba dando grandes réditos, pero tampouco perdas; non se poden subir os prezos, a non ser que durante os dez anos de xestión da piscina empece a dar perdas, ahí si que se poderán incrementar os prezos.

-Que a subvención é de 98.600 euros e está calculada sobre a que había, coa suba do IPC desde a última vez que foi adxudicada.

Esto non quere dicir que o Concello vaia a subvencionar con 98.600 euros á empresa que resulte adxudicataria porque, se se comprobán os criterios de adxudicación, se outorgaran mais puntos á empresa que oferte mais baixa en canto a esa subvención que aporta o Concello.

- Que o contrato coa empresa actual remataría no mes de xuño, e temos o tempo suficiente para que se realice a adxudicación no período que falta, se non pasa nada estrano.

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que o prego presentado é un modelo xeneralizado para a adxudicación das piscinas.

-Que temos en Arzúa un complexo deportivo dos mellores da zona, e esperamos que a empresa que colla a xestión das piscinas non faga que se deteriore este servizo.

-Que, segundo o prego, levarían mais puntos as empresas que realicen mais actividades gratuítas; e nos dexemos que os empregados que están agora non sufran

ningún tipo de cambio.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que quiere sinalar que todas as instalacións da piscina están funcionando bastante ben, e cre no bo criterio do alcalde para que elixa ben á empresa que debe seguir coa xestión da piscina, ofrecendo cada vez máis servizos e para manter a calidade que está habendo, de modo que se non se pode superar, que a lo menos se manteña.

* Do Sr. alcalde para expresar que el non vai a elixir á empresa que leve a cabo a xestión das piscinas, posto que van a ser os técnicos os que se encarguen de aplicar as fórmulas previstas no prego ás propostas e de mirar toda a documentación; e despois será a Mesa de Contratación quen realice a proposta de adxudicación.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que confía en que se escolla a mellor opción posible; e que, como o seu voto non é necesario, vaise abster.

Sometido este asunto a votación ordinaria; e formulados polo alcalde os termos da votación;

Se adoptaron os seguintes acordos -por sete votos a favor (de AxA), coa abstención dos restantes seis concellerios (4 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT)-:

Primeiro.- Levar a cabo a xestión da piscina municipal cuberta climatizada e da piscina municipal exterior descuberta, mediante xestión indirecta, utilizando a modalidade de concesión.

Segundo.- Aprobar o Estudio económico de viabilidade para a explotación das piscinas municipais, cuberta e descuberta, que foi redactado por QUALITY OPTION, S.L, con data 15 de febreiro de 2018.

Terceiro.- Aprobar tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o prego de prescricións técnicas, que rexiran o procedemento aberto, para poder adxudicar esa concesión; cuxos pregos foron informados favorablemente pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2018, pero coa modificación introducida despois na cláusula 15ª do prego de cláusulas administrativas, tras as explicacións dadas polo alcalde, na reunión de voceiros celebrada o día 28 de febreiro de 2018.

Cuarto.- Co obxecto de dar cumprimento ao disposto na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares, anunciar o procedemento de contratación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, así como no perfil de contratante, comprendendo o anuncio de licitación un extracto do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Designar a Mesa de Contratación para realizar a apertura dos Sobres A) “Documentación administrativa”, dos Sobres B) “Documentación técnica” e dos Sobres C) “Oferta económica”, presentadas polas empresas interesadas en participar no

procedemento de contratación, e que terá que formular a proposta de adxudicación do contrato, que rexirá a concesión; concretando que os membros desa Mesa de Contratación serán os seguintes:

*Presidente.- O alcalde, José Luis García López, ou o membro da Corporación Local en quen delegue.

*Secretario.- A funcionaria da subescala técnica, da escala de administración xeral, Marta Pérez Iglesias.

*Vogais:

-A concelleira con delegacións en materia de facenda, María Carmen Torreira González.

- A interventora municipal, Olga Castro Fernández

- O secretario municipal, Juan Colmenares López-Soldado

Sexto.- Facultar alcalde para que adopte as resolucións que procedan, en orde á mellor execución deste acordo.

Punto 3º) MOCION PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2018, POLO GRUPO POLÍTICO DE ALTERNATIVA POR ARZUA, PARA SOLICITAR O REXEITAMENTO AO PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA DE COBRE SAN RAFAEL, S.L. Nº 2946.

Coñecido por todos os asistentes que o ditame que a Comisión informativa para Asuntos do Pleno emitiu, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2018, foi o seguinte:

“Explica a presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro:

- Que o pasado 24 de agosto fíxose unha exposición pública do proxecto de reapertura da mina de cobre en Touro; vaise seguir explotando a mina collendo xacementos abandonados desde o ano 1986, pero aumentando o número de hectáreas; e iso con todos os gravames e danos que se poidan ocasionar tanto a nivel agrícola como forestal, porque aproximadamente unhas 500 hectáreas de terreo agrícola e forestal poden quedar afectadas, das cales 341 hectáreas serían da masa forestal e 150 hectáreas de cultivos e vexetación natural.

- Que das catro cortas existentes vanse incorporar aínda seis mais, o cal afectará basicamente aos concellos de Touro e de O Pino, sen que isto teña que subscribirse só a eses dous concellos, posto que todos os concellos que están arredor deles van estar tamén afectados; porque vanse facer uns vertedoiros de residuos esteriles que van afectar aos concellos de Castelo, San Sadurniño, Arinteiro, Os Torreis, Tribás e A Goleta.

- Que tamén proxectan facer un desvío do leito de dous regos, o de Pucheiros e o de Burgo, cun gasto de incremento de auga superior ao que necesitan os concellos de Touro e O Pino xuntos; isto levará consigo unha merma no subministro de auga.

- Que a recuperación desta contorna vai ser moi complicada, porque cando se

fixo a anterior explotación xa quedou todo ahí, e despois de que transcorran os catorce ou quince anos que dure a explotación tamén quedará ahí, e iso terá unha repercusión a longo e a curto prazo.

- Que unha vez que se poña en funcionamento isto suporá unha agresión fuerte a nivel agrícola e forestal, pero tamén a nivel ambiental e acústico para o vecindario desa zona, porque vai ter un radio de actuación de 15 a 30 quilómetros a redonda.

- Que, con respecto ao Camiño de Santiago que pasa polo concello de O Pino, tamén ten unha incidencia negativa, porque vaise a xerar pó cando se fagan voaduras, olor e ruidos.

- Que por parte dos concellos de Vilagarcía de Arousa, Vila de Cruces, Ames, Santiago, Santiso, Lalín, Cambados houbo protestas e segueas habendo.

- Que esta moción o que pretende e instar as Consellerías do Mar, Medio Rural, Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que non se leve a cabo todo isto, e instar a Xunta de Galicia para que promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e dreñaxe ácida, etc.

Previa concesión do uso da palabra, realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (de CxG) para indicar que quere deixar constancia da súa queixa por non ser proposta esta moción para ser presentada por todos os grupos políticos representados na Corporación; e que vai absterse de pronunciarse agora, para facelo na sesión do Pleno.*

** Da Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifertar que tamén se vai abster agora, para pronunciarse no Pleno.*

** Do Sr. García Rodríguez (do PP), para expresar:*

- Que, pola contaminación que se vai xerar, van facer falta 3.000 anos para volver a recuperar a zona, e as nubes de pó que se van xerar cando veñan as choivas van ser chuvias ácidas, ao estilo de Meirama, e van afectar a todos os cultivos, incluso a parte alta de Touro, aínda que os mais afectados van ser os que están na parte baixa, porque as augas residuais van baixar, e unha das balsas que hai feitas cre que reventou un día destes. Preguntase ¿quen nos garantiza a nós que esas balsas non van reventar en calquera momento?, e entón as consecuencias de todos os metais pesados que se xeren imolas sufrir durante miles de anos; e que todo iso non se convirta nun vertedoiro para toda Galicia, como esta sendo agora para residuos orgánicos de depuradoras, porque entón o que nos queda e apanar todos os residuos tóxicos de toda Galicia, tanto os que vai xerar a propia mina como os que van vir incluídos nun futuro, e polo tanto cre que o futuro da nosa xente vai ser deplorable

- Pregunta ¿que lei hai que diga que as propiedades que recibimos dos nosos ancestros teñan que ser expropiadas por unha empresa que a o mellor non é nin española?

Tras o exposto, a presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro, someteu a votación ordinaria as propostas de acordo que contén esta moción.

Adoptándose -por 5 votos a favor (4 de AxA e 1 do concelleiro do PP Sr.

García Rodríguez), con tres abstencións (1 do PSdeG-PSOE, 1 da concelleira do PP e 1 de CxG)- o pronunciamento de subscribir as dúas propostas de acordo que contén esta moción.”

Polo Sr. alcalde procédese a facer un resumo de dita moción; cuxo texto é o seguinte:

“O pasado 25 de agosto de 2017, saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L.

Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986 (nas mesmas cortas) máis novos xacemento colindantes con éstos, dentro dunha concesión máis ampla, que abarca o concello de norte a sur nunha extensión de 1827 Ha., inicialmente, xa que segundo proxecta a empresa socia que aporta o capital, **Atalaya Mining**, a súa intención é estender a explotación con cortas sucesiva, unha vez teñan iniciado, ata chegar a 122 km cadrados de extensión: <http://atalayamining.com/proyecto-touro/>

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha iniciais, das cales só o 30% son terreos xa estiveron e están afectados pola explotación anterior, que foi abandonada sen restauración posterior e que dende o ano 1986 do seu remate segue traendo desastrosas consecuencias nas augas que verten ós regatos da contorna afluentes do río Ulla e por tanto afectación á Rede Natura 2000 da cunca deste río, a segunda cunca hidrográfica de Galicia.

Esta actividade, por tanto, preténdense desenvolver nos solos que teñen soportado no pasado actividades potencialmente contaminantes, como así o manifesta o informe emitido polo propio Concello de Touro elaborado por **AMBIOTEC** sobre as afectacións do proxecto, en outubro de 2017, onde na súa páxina 5 indica como “**elementos susceptibles de afección os seguintes:**

- Infraestructuras ligadas ao consumo de auga do municipio
- Agravamento do problema ambiental de Drenaxe Ácida de Mina
- Poboación e vivendas situadas nas proximidades
- Hábitats naturais e vexetación e fauna asociada
- Elementos naturais da contorna directa e actividades asociadas: Río Ulla
- Elementos do patrimonio cultural
- Centro socioculturais”

<http://www.concellodetouro.com/attachments/article/1280/alegacios-mina-en-galego.pdf>

Vai a afectar a case **500 Has. de terreos agrícolas e forestais** que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos á explotación, deixando así sen base territorial moitas explotacións gandeiras que se verán irremediabilmente abocadas ao peche e abandono das terras, e suporía a eliminación de 341 hectareas de masa forestal e 150 hectáreas de cultivos e vexetación natural.

Xunto as catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as

actuais e futuras actividades agrogandeiras ou forestais.

Sumar a esta situación, que durante o proceso planeado **para 15 anos de actividade**, plantexan un traballo de megaminería intensivo, con funcionamento de maquinaria pesada e **actividade as 24 horas do día durante os 365 días do ano, cunha media de 6 voaduras diarias realizadas con entre 9 e 16 toneladas de explosivos cada unha**, 4 delas moverán 50.000 metros cúbicos de rocha e 2 moverán 25.000 metros cúbicos, que xerarán movementos sísmicos no terreo e polvo en suspensión cargado de metais pesados, o que provocará irremediabilmente o abandono poboacional da zona por facer imposible a vida nestas terras.

Se se pretende analizar o **impacto a nivel demográfico dunha mina destas características** en ambos municipios, a análise idónea pasa por valorar a variación de poboación en dous periodos de tempo homoxéneos, “con mina” e “sen mina”. E para iso non temos máis que recurrir á historia recente: a concesión mineira que agora se pretende explotar data de 1958 e estivo activa dende 1972 a 1986.

Nos 20 anos que van de 1970 a 1991, nos que estivo a mina en funcionamento de 1972 a 1986, a perda de poboación é máis acusada (-29,8% para a comarca de Arzúa, -22,8% para o concello do Pino e -24,5%

Series de poboación dende 1970 á actualidade

| | Galicia | A Coruña | Arzúa comarca | O Pino | Touro |
|--|-----------|-----------|---------------|--------|--------|
| 1970 | 2.676.403 | 1.030.745 | 28.960 | 6.840 | 6.657 |
| 1981 | 2.811.912 | 1.093.121 | 22.760 | 6.027 | 5.892 |
| 1986 | 2.844.472 | 1.109.788 | 21.935 | 5.691 | 5.589 |
| 1991 | 2.731.669 | 1.096.966 | 20.325 | 5.281 | 5.029 |
| 1996 | 2.742.622 | 1.110.302 | 19.918 | 5.056 | 5.126 |
| 2001 | 2.732.926 | 1.108.002 | 19.184 | 4.945 | 4.825 |
| 2006 | 2.767.524 | 1.129.141 | 18.275 | 4.885 | 4.448 |
| 2011 | 2.795.422 | 1.147.124 | 17.364 | 4.743 | 4.082 |
| 2016 | 2.718.525 | 1.122.799 | 16.678 | 4.653 | 3.703 |
| % variación 1991/1970 (mina de 1972 a 1986) | 2,1% | 6,4% | -29,8% | -22,8% | -24,5% |
| % variación 2011/1991 | 2,3% | 4,6% | -14,6% | -10,2% | -18,8% |


Fonte:IGE-INE

Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes

Nos anos 1991 e 1981 considérase a poboación dos censos e nos restantes anos a do padrón.

Para 1970 empregouse a "Población de derecho"do censo, equivalente aos datos censais e padroais posteriores

Polo tanto ambos concellos xa dispuxeron dunha mina de cobre a ceo aberto de características moi semellantes á que se pretende implantar e as cifras históricas de poboación nesas décadas amósannos a evolución contraria á pretendida: as caídas de poboación son máis suaves unha vez rematada a actividade mineira.



Esto non afectará solo ós concellos de Touro e O Pino, quen pretenda vivir nun radio de entre 15 -30 km á redonda, sufrirá directa ou indirectamente as consecuencias da actividade mineira nesta zona, xa que o aire moverá o polvo en suspensión máis alá da zona exclusivamente mineira e as augas corren río abaixo, a natureza neste caso non é controlabe nin predecible. E despois de 15 anos de actividade a recuperación será imposible, xa que como sucedeu coa anterior mina, quen marcha dunha zona mineira non volta para volver a sufrir as consecuencias da devastación producida.

Outros impactos sobre a zona que xerarán un grave impacto medioambiental, e a creación de 2 depósitos de residuos estériles e 4 vertedoiros que ocuparán en total case 300 Ha., (o que equivale a 300 veces o Estadio Santiago Bernabeu), a moi pouca distancia dos núcleos de poboación de Castelo, San Sadurniño, Arinteiro, Os Torreis, Tribás e A Goleta, un vertedoiro máis no Monte das Minas, que ocupará unha superficie de 484.000 metros cadrados, case 10 veces o centro comercial As Cancelas de Santiago de Compostela). O depósito de estériles situado entre Arnteiro e Vieiro será unha enorme balsa de lodos que contará cun muro perimetral de contención con capacidade para 50 millóns de metros cúbicos de residuos estériles de mina (equivale a unha sexta parte a capacidade do encoro de Portodemouros), cunha probabilidade de falla moi alta, como ocorrera en Aznalcollar en 1998.

Plantease no proxecto o desvío do leito dos regos Pucheiros e Burgo, e o gasto arredor de 2.25 hectómetros cúbicos de auga ao ano, o que suporía 6 veces máis do que os concellos de Touro e O Pino xuntos gastan no mesmO período, e isto dito nun ano no que aínda no mes de xaneiro estamos sufrindo restriccións de auga en moitos puntos da nosa terra.

Plantéxase a realización dunha liña de alta tensión dende o embalse de Portodemouros ata a zona mineira que percorrería preto de 14 km., polos concellos de Touro e Arzúa.

Este proxecto ten tamén unha afectación directa ao Camiño de Santiago ó seu

paso polo concello de O Pino, a ton só 1000 metros do Monte das Minas, os peregrinos camiñarán e durmirán nas literas mirando ó monte das Minas, respirando e soportando o polvo en suspensión fruto das voaduras diarias, así como as molestias acústicas da maquinaria pesada e das explosións, que a actividade realizada durante as 24 horas do día, todos os días da semana producirá, tendo por tanto un impacto visual, acústico, para a saúde, e tamén económico sobre os negociós da zona, ¿quén se anima a facer o Camiño por unha zona limitada por unha mina a ceo aberto destas consecuencias?. Arca que se está consolidando como zona de turismo, ocio e residencial verá tamén como as consecuencias deste proxecto lle trae abandono e merma de poboación.

Sobre a importancia do sector do mar de Arousa na economía local. O sector primario do mar de Arousa é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera; mariscadoras a pe, bateeiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Este sector xera empregos estables, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades xa que este sector resiste mellor os vaivéns do ciclo económico, como se veu demostrando nos últimos anos. En cifras, este sector representa o 1,33% da produción total da economía galega, achega o 33% do valor engadido xerado no conxunto do sector a nivel galego e dá traballo, directo ou indirecto, a miles de familias. No ano 2016, traballan na ría o 44% das mariscadoras/es a pé, mais do 41% das embarcacións de artes menores e o 68,7% das bateas de mexillón de Galicia. Nas lonxas arousáns poxáronse 38.329.584 kg de produtos da pesca e do marisqueo que se traduciron en 91.301.357 euros. E nas augas de Arousa colleitáronse 174.497.538 kg de mexillón (máis 70% do mexillón producido en Galicia), cun valor de 77.999.843 euros. A frota pesqueira de Arousa está composta por 1.709 buques de pesca e 842 auxiliares de pesca e acuicultura, respectivamente o 38,6% e o 69,9% do total de Galicia. De feito o sector primario do mar en Arousa é un sector estratéxico na economía dos nosos pobos e vilas pola riqueza e emprego que induce ademais en diversas actividades en terra: - empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradoras de moluscos, cocedoiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores) - empresas provedoras de servizos e subministracións (estaleiros, cordoarias, carpintaría, montaxes e maquinaria) - actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc. Á importancia económica derivada do sector primario do mar arousán únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios. Asemade, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que aporta trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico, o turismo. Así, **o turismo en Arousa susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.** Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades arousáns. Pero todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas da ría; tamén augas

arriba as do río Ulla, o máis caudaloso e longo dos que alimentan a ría de Arousa. Sobre a importancia ambiental do Río Ulla e da ría de Arousa. A riqueza pesqueira e mariñeira que se resaltou no apartado anterior de exposición de motivos deste documento descansa sobre a riqueza ambiental existente na ría de Arousa e os ríos que nela desembocan, onde a saúde do río Ulla ten un papel fundamental, xa que alimenta dun xeito moi importante de sedimentos e nutrientes á ría. Esta riqueza ambiental está amplamente recoñecida, non so por publicacións científicas, senon pola propia lexislación ambiental. A ese respecto cabe destacar a declaración de varios Espazos Protexidos, como son:

- **O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia** (declarado o 1 xullo de 2002, mediante a lei 15/2002). Este Parque inclúe 4 arquipélagos e o mar que os rodea, entre os que se atopa o de Cortegada, na desembocadura do río Ulla, e a illa de Sálvora, na zona exterior da ría de Arousa. Este Parque Nacional, declarouse polas especial riqueza ambiental dos seus fondos mariños e debe velar pola súa conservación.

- **A Zona de Especial Conservación Ulla-Deza**, (declarado o 31 de marzo de 2014, polo Decreto 37/2014) que protexe a maior parte do río Ulla ata Rianxo. Dito río ten gran importancia ambiental onde destaca a presenza de peixes como lamprea e salmón, especies moi sensibles á contaminación das augas.

Así mesmo a ría de Arousa, xa na parte exterior acolle o ZEC Ons-O Grove e o Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixan, que ten zona mariña dentro da súa superficie protexida. A ría de Arousa é unha unidade ecolóxica que non se pode desligar dos ríos que a alimentan, e os 4 espazos protexidos que esta ría acolle é un bo indicador da inmensa riqueza ambiental que posúe e que por lei debe ser amparada.

A administración debe velar pola conservación dos espazos protexidos da ría de Arousa. A reactivación da mina de Touro aumentará a drenaxe de contaminantes cara a cunca do Ulla, afectando irremisiblemente á riqueza ambiental da ría, e consecuentemente á riqueza económica que sustenta.

Por todo isto, os **distintos sectores do mar de Arousa** teñen solicitado a retirada do proxecto de explotación da mina de San Rafael de Touro-O Pino. As propias alegacións que publicou a **Sociedade Galega de Historia Natural e a Federación Ecoloxista Galega** ao informe deixan constancia das grandes afectación que supón e solicitan o seu rexeitamento. Son xa varios os **concellos os que xa se manifestaron en contra deste proxecto polas repercusións e afectacións que ten na persoas, na saúde, no medio ambiente, na economía local especialmente na agricultura a gandeiría e o turismo. Así o fixeron xa Vedra, Teo, Vilagarcía de Arousa, Rianxo, Vila de Cruces, Ames, Cambados, A Illa de Arousa, Lalín, Santiso, Santiago de Compostela, Pontecesures.** Tamén se manifestou en contra do proxecto a **Deputación da Coruña.**

Estamos por tanto ante un proxecto con un impacto ambiental inasumible, un **impacto sobre a a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social e cultural** que xera unha forte alarma e rexeitamento en toda a contorna, de consecuencias negativas incalculables para as persoas, para a biodiversidade e para os seus medios de vida futuros.

Por todo o anteriormente exposto, dende esta Plataforma Veciñal Mina Touro O Pino Non propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal de A Estrada:

1.-Instar ás Consellerías do Mar, Medio Rural, a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a de Cultura e Ordenación Universitaria e á de Economía, Emprego e Industria a emisión de informes negativos tal e como procede polas las consecuencias negativas descritas e todas as que en alegacións se presentaron polas entidades e particulares, e así se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429, de protección do Camiño de Santiago e da actividade económica estratéxica e fundamental dos concellos de Touro e O Pino baseada na agricultura, a gandeiría, as industrias agroalimentarias e forestal, o turismo, a hostalería e os servizos.

2.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e drenaxe ácida, para como mínimo asegurar que non se siga comprometendo a calidade ambiental dos afluentes do río Ulla e por tanto da rede Natura 2000, que verten dos terreos da anterior mina ó río Ulla e de ahí á Ría de Arousa.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que en primeiro lugar quere preguntar se esta moción a presenta a coordinadora que asinou a Plataforma Veciñal Mina de Touro e O Pino ou a presenta o grupo de Alternativa por Arzúa; engadindo que en todo caso considera que antes de traela ao Pleno debería ser enviada aos grupos políticos representados na Corporación, cousa que non sucedeu, para que todos a coñeceramos e fose presentada conxuntamente por todos os grupos, como se fixo noutras ocasións, como cando se formulou a problemática dos gandeiros.

- Que o seu voto vai ser a favor da moción, porque considera que haberá unha agresión ao medio ambiente, tal como aparece detallado na moción; e isto non é novo, porque ven a continuar a agresión xa existente na mina abandonada, coa conversión nun gran vertedoiro de lodos e a plantación intensiva de eucaliptos.

- Que non é só unha agresión á comarca, senón ao país, que se ve repetida por exemplo nun vertedoiro que queda cerca da nosa comarca, o vertedoiro que hai no concello de Sobrado e outros na contorna de Santiago.

-Que con respecto aos argumentos que a empresa nos mandou, para que os estudiamos, a súa percepción é que pon unhas palabras moi bonitas que non temos porque crer, porque en anteriores ocasións non se cumpriron; e fanno porque teñen moitos medios económicos para podelo facer así, e tamén porque teñen o apoio dos medios de información, que serven a quen lles paga.

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que o contido da moción é moi claro; o pretendido proxecto está totalmente desfasado, e vai afectar aquí en Arzúa ás explotacións agrícolas e forestais e tamén á conca do río Ulla.

- Que o Partido Socialista vai votar a favor da moción e, en canto ao proxecto presentado, chámalle a atención o tema dos 1.000 postos de traballo, cando se contemplan só 50 aparcamentos; o cal non lle cadra.

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar:

- Que había unha vez un filósofo que dicía “cando mais, sei, mais sei que menos sei”, e a el é o que lle está pasando, que canto máis vello vai menos sabe; realmente dálle a razón á concelleira do Partido Socialista, en canto a que o que mandaron é un planfeto que carece de peso.

- Que se pretende hipotecar noso futuro cunha decisión do presente, posto que nos pode costar 4.000 anos o poder chegar á situación actual de desintoxicación das terras.

-Que estes americanos pretenden comprar as terras a 600 euros por ferrado, e iso é irrisorio.

-Que as nubes de pó que se van levantar, en pleno verano, van levar a contaminación bastante mais lonxe do que nós imaxinamos; e se coincide cos ventos saharianos e agua, xa vemos como quedan os coches.

- Que os metais pesados vannos afectar e as intoxicacións por cobre, por níquel, por chumbo e outros metais que non sabemos van ter consecuencias para a saúde das persoas; e todo por 400 postos de traballo que prometen, dos que o 80% xa están adxudicados a persoas que traen eles de fóra, porque para manexar unha máquina que costa miles de euros non van poñer ao primeiro que pase.

- Que considera que os postos de traballo que van xerar van ser moi poucos; e se ata agora vivimos sen eles, tamén podemos seguir sen eles.

- Que se dedicamos mais tempo á produción ecolóxica das nosas terras, e a exportar esa produción ao exterior, igual nos ía mellor; e se dedicamos máis tempo ao turismo tamén sería mellor, o cal significaría apostar por un futuro que non se acabaría, porque isto -despois de 15 anos- vai parecer non a mina de Touro senón o muro das lamentacións.

*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que fai uns meses o Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción por rexistro, sobre a mina de Touro, e como non ten representación política na Coporación Municipal outro grupo político o ten que facer por eles; e iso se fixo unha vez, pero xa dixo que non lle volvía a facer, e todos sabedes o por qué.

- Que pasaron desde entón varios meses e ninguén da Plataforma Veciñal pola Mina de Touro e O Pino puxose en contacto con el o con algúen da Corporación, para traer esta moción; e, como él se fixo coa moción, decidiu presentala, de feito non lle dou ningunha publicidade na páxina de Alternativa por Arzúa, tanto no facebook como en twitter, para que non se pensara que era algo partidista; de feito a moción agora presentada é a propia da Plataforma Veciñal, sen ningunha corrección.

-Que, fora do que é a contaminación e as súas consecuencias, hai dúas cousas que lle cabrean especialmente:

•Unha, o da liña, que afecta a veciños de Arzúa, porque en ningún momento tivemos información do por qué e a quen beneficiaba esa liña; agora o sabemos.

•Outra, que sempre se está intentando comprar á xente, ofrecendo postos de traballo e, como vivimos a época que vivimos, este é un argumento moi fácil para convencer á xente, no cal están incidindo; e isto está provocando que nos concellos a poboación está dividida.

Tras todo o exposto; o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as dúas propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ás Consellerías do Mar, Medio Rural, a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a de Cultura e Ordenación Universitaria e á de Economía, Emprego e Industria a emisión de informes negativos tal e como procede polas consecuencias negativas descritas e todas as que en alegacións se presentaron polas entidades e particulares, e así se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429, de protección do Camiño de Santiago e da actividade económica estratéxica e fundamental dos concellos de Touro e O Pino baseada na agricultura, a gandería, as industrias agroalimentarias e forestal, o turismo, a hostalería e os servizos.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e drenaxe ácida, para como mínimo asegurar que non se siga comprometendo a calidade ambiental dos afluentes do río Ulla e por tanto da rede Natura 2000, que verten dos terreos da anterior mina ó río Ulla e de ahí á Ría de Arousa.”

Punto 4º) MOCION PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2017, POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, PARA QUE ESTE CONCELLO SE ADHIERA Á LEI DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS EN GALICIA.

Previa concesión do uso da palabra, o voceiro do grupo político do Partido Popular Sr. García Rodríguez formula a proposta de que esta moción sexa aplazada ata unha vindeira sesión plenaria, por canto que aínda quedan algúns puntos por retocar na mesma; xa que habería que ter uns datos novos que hai que analizar.

E como resulta que, cando se tratou desta moción na sesión que celebrou a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, o día 26 de febreiro de 2018, unicamente o Sr. García Rodríguez se pronunciou a favor de propoñer ao Pleno do Concello a adopción dos dous acordos que contén a moción.

O Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a proposta agora formulada polo voceiro do grupo político do Partido Popular Sr. García Rodríguez, que foi quen presentou a citada moción.

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran Corporación Local- o acordo de non pronunciarse agora sobre esta moción, deixando aprazado o seu debate e votación, ata que sexa completada cos novos datos que aporte o Sr. García Rodríguez.

Punto 5º) MOCIÓN PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2018, POLA CONCELLEIRA DO PSdeG-PSOE, PARA QUE SE ESTABLEZA UN SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓNS CON MAIOR CAPACIDADE DE REDISTRIBUCIÓN E REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES.

Polo secretario se da lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2018; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta Comisión informativa cedeuse o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde, a cal manifestou:

-Que todos sabemos que as pensións non subiron conforme ao Índice de Precios de Consumo, e tamén que dentro de pouco non haberá para pagar aos pensionistas.

- Que para coñecer mellor o alcance desta moción pode proceder a súa lectura agora, ou cando se celebre a sesión do Pleno e que vaia a ser tratada.

Manifestando a presidenta da comisión que sería mellor lela no Pleno.

Acto seguido, previa concesión do uso da palabra pola presidenta desta Comisión informativa, realizáronse os seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT), para manifestar que agora vaise abster na votación deste asunto.*

** Do Sr. García Rodríguez (do PP), para manifestar que el vai votar a favor de que se adopten as propostas de acordo que contén esta moción.*

** Da Sra. Varela Duro (de AxA), para manifestar que o grupo político de Alternativa por Arzúa pronunciárase sobre esta moción cando se celebre a sesión plenaria.*

Tras o exposto, a presidenta da Comisión informativa someteu este asunto a

votación ordinaria;

Adoptándose -por dous votos a favor (1 do PSdeG-PSOE e 1 de PP), coa abstención dos restantes seis concelleiros (4 de AxA e 1 do PP e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello que adopte os oito acordos que figuran nesta moción.”

Seguidamente pola concelleira do Partido Socialista, Sra. Balado Conde, dáse lectura de dita moción; cuxo contido é o seguinte:

O Sistema Público de pensións constitúe a política con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades (o 46%).

As políticas do PP representan unha seria ameaza para o sistema público de pensións. Coas súas políticas de emprego o Goberno de Rajoy puxo en perigo a sustentabilidade económica das pensións, que entraron nun período de déficits constantes e crecentes; e co novo mecanismo de revalorización, que se desvincula do poder adquisitivo e co factor de sustentabilidade, que axusta o importe da pensión en función da esperanza de vida, condénase aos pensionistas a un progresivo empobrecemento. E todo iso, fixérono mediante a imposición, sen diálogo social e rompendo unilateralmente o consenso do Pacto de Toledo. Con estas políticas o PP está a preparar o camiño para os Fondos de Pensións privados, en detrimento do Sistema Público de Seguridade Social.

Os resultados desta política están á vista: progresiva perda de poder adquisitivo das pensións, sensación de incerteza nos actuais xubilados sobre se o Estado será capaz de pagar as súas pensións nos próximos anos, sentimento de inxustiza naqueles que contribúen ao sistema pero dubidan de que este lles poida proporcionar unha pensión digna nun futuro a 10 ou 20 anos vista, e desesperanza case absoluta por parte da mocidade en que algún día poidan contribuir e ser protexidos polo sistema.

O PP está laminando o Sistema Público de Pensións sometendo a un espolio permanente ao Fondo de Reserva da Seguridade Social.

O déficit foi compensado por retiradas masivas do Fondo de Reserva que, de contar co 66.815 millóns de euros a finais de 2011, sitúase, no día de hoxe, en 8.095 millóns de euros, e que se non se esgotou totalmente foi como consecuencia do préstamo de 10.192 millóns de euros do Estado á Seguridade Social contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2017. A iso hai que engadir as cantidades retiradas do Fondo de Mutuas, por importe de 93.251 millóns de euros adicionais ás cotizacións para poder facer fronte ao pago das pensións no período 2012-2017. O ano 2018 comezou na mesma liña e o PP, no canto de expor medidas serias no marco do Pacto de Toledo e o Diálogo Social, decidiu seguir endebedando á Seguridade Social cun crédito de 15.000 millóns de euros.

O Fondo de Reserva, xurdido da reforma da estrutura financeira da Seguridade Social levada a cabo polos gobernos socialistas en 1989 e recolleito

posteriormente como unha recomendación do Pacto de Toledo, estaba previsto para ser usado cando xurdisen as maiores tensións xeracionais sobre o Sistema, en torno ao ano 2023. De non ser utilizado, o Fondo tería hoxe máis de 90.000 millóns, mesmo sen novas achegas, só en base á súa propia rendibilidade. En cambio, de seguir con este ritmo de gasto, a nosa hucha das pensións quedará totalmente baleira no ano 2018. É dicir, vaixe a esgotar 10 anos antes do previsto.

Este escenario pon en risco a situación financeira da Seguridade Social e en consecuencia, a garantía no só das pensións actuais senón tamén, e especialmente, das pensións futuras. Por iso é imprescindible adoptar medidas que dean estabilidade ao Sistema.

No PSOE consideramos que o dereito ás pensións e o acceso ao Sistema de Seguridade Social debe considerarse un dereito constitucional e ser incorporado como tal na reforma da Carta Magna que propomos, para iso, expomos medidas destinadas a garantir o futuro do Sistema Público de Pensións: recuperando o Pacto de Toledo e o diálogo social; aprobando un novo Estatuto dos Traballadores que promova dereitos laborais e emprego de calidade; e establecendo unha fonte complementaria de financiamento das pensións a cargo do PGE, como na maioría dos países da nosa contorna.

Por estas razóns o PSOE defende un novo modelo para reequilibrar o sistema de pensións, mantendo o gasto, racionalizando outras partidas e incrementando os ingresos do sistema.

Por todo iso o Grupo Municipal Socialista do Concello de ARZUA presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN, instando o Goberno de España a:

1. Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.

2. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.

3. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.

4. Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:

a) As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.

b) Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.

5. Incrementar os ingresos do sistema:

a) *Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuir ao rescate do sistema público de pensións.*

b) *Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.*

6. *Mellorar a natureza protectora do sistema, modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellor da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual,*

7. *Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40%, existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):*

a) *Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.*

b) *Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011, de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública, ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.*

8. *Introducir no Pacto de Toledo, un novo principio de “reequilibrio orzamentario”, un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axustes de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 de século XXI.”*

Engade a Sra. Balado Conde:

- Que nosos xubilados ou pensionistas están estes días manifestándose na rúa, e o que pensamos todos é o valientes que son, porque quen sae á rúa son nosos avos e os nosos pais e non a xente máis nova; xusto os que loitaron por nosos dereitos toda a vida.

- Que pensamos que as pensión deberían revalorizarse segundo o Índice de Prezos de Consumo, e porén hai un desbarajuste enorme. Estes días o Ministro Montoro fixo un parche para que os pensionistas non paguen o IRPF, pero resulta que casi todos os pensionistas están exentos de iso, salvo os que teñen as pensións mais altas; co cal non está beneficiando en nada á clase media e á mais baixa.

- Que o Partido Socialista presentou unha proposición da Lei no Congreso, para que cambie este modelo e se poida subir aos xubilados a pensión no tanto por cento segundo o IPC, porque o que está pasando cos nosos maiores non é lóxico; é normal que saían á rúa ao ver mermados os seus dereitos, cando loitaron toda a vida por eles.

Deseguido abriuse unha rolda de debate, no que se realizaron as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (do CxG-CCTT) para expresar:

- Que quere denunciar a hipocresía do Partido Socialista que volve a utilizar o tema das pensións, ao igual que o Partido Popular, nas campañas electorais.

-Que ten que lembrar que o PSOE foi o promotor da reforma do ano 2011, que foi apoiada por outros grupos como a antiga Convergencia por Cataluña e votada en contra polo PP, porque estaba en campaña. Esa campaña supuso alongar a idade de xubilación dos 65 aos 67 anos, e alongar tamén o período de cálculo das pensións de 15 a 25 anos.

-Que coa segunda parte da moción está de acordo, o PP votou en contra da reforma do PSOE e engadiu en eses criterios o factor de sostenibilidade ou doutras reformas, como é por exemplo vincular a suba das pensións á esperanza de vida; polo tanto vaise a abster neste asunto.

-Que pediría tanto ao PSOE como ao PP que abandoaran o tema das pensións, porque levan utilizando as pensións desde o inicio da etapa democrática, como unha arma electoral.

E a situación actual non é a máis positiva neste momento para os pensionistas, e sobre todo para aqueles que teñen unha pensión baixa ou moi axustada para cubrir as necesidades da vida nesta etapa que nos toca vivir.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que a intervención do Sr. García Couso foi maxistral, polo que vai votar o mesmo que el, porque neste caso ten que darlle a razón.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que o grupo político de Alternativa por Arzúa vai votar a favor, mais que nada porque hai un problema; e se o Sr. García Couso e o Sr. García Rodríguez o vén negro, que están ás portas da xubilación, imaxinamos a situación que imos a ter outros que estamos un pouco mais lonxe.

- Que hai unha serie de datos que dan medo, a hucha das pensións creouse no ano 2000, para garantir o sistema público da Seguridade Social; no ano 2011 había 66.815 millóns de euros e no ano 2017 só quedan 8.095 millóns, e dicir baleirouse en casi un 90%.

- Que é certo que se están barallando varias medidas, como a creación dun imposto propio para financiar as pensións, que o está proponendo o PSOE, e aínda que o PP ao principio se opuxo, agora está a favor.

- Que hai outra parte, que é a base mínima pola que se cotiza, que é de 825 euros ao mes a xornada completa, e a base máxima é de 3.651 euros, o cal -segundo un informe de Comisións Obreiras- supón que se non houbera un teito por enriba podíase recadar uns 8.000 millóns de euros anuais.

- Que a xente maior está protestando na rúa, e se Alternativa pro Arzúa pode poñer un gramo de area para que o PSOE faga forza para que isto saía adiante, farao.

*Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar:

- Que, con respecto ao argumento de subir a cotizacións aos que mais gañan, suporá que tamén hai que pagarlles máis, e o que cre é que o que hai que subir son os soldos aos que menos gañan e hai que eliminar esas tarifas planas que supoñen uns ingresos á Seguridade Social e aumentar os ingresos por abaixo, e tamén aumentar as

bases de cotización para que as pensións se igualem, porque hoxe hai unha cotización máxima e unha pensión máxima, se se sube a cota de cotización máxima, tamén haberá que subir a cota de pensión máxima.

Tras todo o exposto, polo alcalde someteuse a votación ordinaria as oito propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose -por oito votos a favor (7 de AxA e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos cinco concelleiros restantes (4 do PP e 1 de CxG-CCTT)- o acordo de instar ao Goberno de España, para que se leven a cabo as seguintes actuacións:

Primeiro.- Volver ao consenso de 2011 derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.

Segundo.- Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.

Terceiro.- Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.

Cuarto.- Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Orzamentos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:

a) As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.

b) Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.

Quinto.- Incrementar os ingresos do sistema:

a) Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuir ao rescate do sistema público de pensións.

b) Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.

Sexto.- Mellorar a natureza protectora do sistema, modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellor da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.

Sétimo.- Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a

brecha próxima ao 40%, existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):

a) Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.

b) Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública, ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.

Oitavo.- Introducir no Pacto de Toledo, un novo principio de “reequilibrio orzamentario”, un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axustes de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 de século XXI.

Punto 6º) MOCION PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2018, POLO CONCELLEIRO DO PSde G-PSOE, PARA QUE SE RETIRE O ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAUDE DO ANO 2008.

Polo secretario se da lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2018; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta Comisión informativa cedeuse o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde, a cal manifestou:

- Que todos sabemos que a reforma da Lei Galega de Saúde, entre outras cuestións, vai a supoñer recortes e unha maior precarización do sistema público de saúde, e

- Que para coñecer mellor o alcance desta moción pode proceder a súa lectura agora, ou cando se celebre a sesión do Pleno en que vaia a ser tratada.

Manifestando a presidenta da comisión que sería mellor lela no Pleno.

Acto seguido, previa concesión do uso da palabra pola presidenta desta Comisión informativa, realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (do CxG-CCTT) para expoñer que vai votar a favor.*

** Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que o grupo político do Partido Popular pronunciarase sobre esta moción no Pleno.*

** Da Sra. Varela Duro (de AxA) para manifestar que o grupo político de Alternativa por Arzúa tamén se pronunciará na sesión do Pleno.*

Tras o exposto, a presidenta da Comisión informativa someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose -por dous votos a favor (1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT),

coa abstención dos restantes seis concelleiros (4 de AxA e 2 do PP)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello que adopte os tres acordos que figuran nesta moción.”

Seguidamente pola concelleira do Partido Socialista, Sra. Balado Conde, dáse lectura de dita moción; cuxo contido é o seguinte:

“O pasado mes de agosto, o Goberno da Xunta de Galicia iniciou un proceso de Reforma da Lei de Saúde do ano 2008. A publicación do anteproxecto aberto a consultas públicas xa provocou as alarmas entre o sector sanitario, ao considerar que, entre outras cuestións, vai supor un novo recorte e unha maior precarización do sistema público de saúde.

En primeiro lugar, esta proposta de reforma limita, facendo inviable, a participación social. Concretamente, modifica a configuración dos órganos de participación social, que, na súa configuración actual, terían permitido realizar funcións esenciais de información previa á aprobación e posterior control das decisións de política sanitaria. Coa modificación do artigo 23 limitan o acceso á información e á documentación existente, co que se condiciona calquera capacidade de control.

A non posta en marcha dos órganos de participación cidadá da Lei de Saúde do 2008, tanto do Consello de Saúde de Galicia como dos Consellos de Saúde de Área, confirma o anterior, xa que o novo artigo 24 introduce modificacións, tanto na súa composición como nas súas funcións, que fan inviable calquera control previo á aprobación ou posterior execución do Plan de Saúde, contratos de servizos sanitarios, concertos, programas de subvencións, Memoria anual, proxectos de orzamentos, prestacións e carteira de servizos.

Asemade, os novos artigos 25 e 26, que modifican o Consello de Saúde de Área e crean o Consello asesor de pacientes, deixan pendente de regular a súa composición e funcionamento en normas posteriores.

En segundo lugar, reduce as áreas sanitarias e consolida a exclusión da Atención Primaria. A modificación da lei adapta as Áreas Sanitarias ás actuais Estructuras Organizativas de Xestión integrada (EOXIS), que creou o goberno do PP, ao tempo que anulaba as Xerencias de Atención Primaria (AP). Deste xeito, preténdese eliminar as áreas sanitarias de A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés, deixando como únicas áreas sanitarias as 7 demarcacións coincidentes coas EOXIS (Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

Paralelamente, coa modificación do artigo 69 crease un novo ámbito territorial, os distritos sanitarios, cada un deles cun Hospital de referencia; os sete comarcais, os 4 das áreas suprimidas (A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés) e os 3 que non sendo área anteriormente contan cun hospital comarcal de referencia (Cee,

Barbanza e Verín); e os 7 coincidentes coas cabeceiras das EOXIS (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

O artigo 69 di que: “os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria.”

Porén, esta reforma nada apunta en relación á recuperación das estruturas directivas de Atención Primaria, unha demanda unánime do persoal traballador de atención Primaria. Tampouco se di nada da estrutura dos órganos directivos das Áreas nin dos distritos.

Esta situación obriga a atender unha media de entre 40 e 50 pacientes ao día, o que repercute na calidade da atención e na capacidade resolutive, e obriga a enviar de xeito innecesario a moitos/as pacientes ao hospital, colapsando as urxencias e incrementando as listas de espera. En algúns Centros de Saúde, a espera para acudir a consulta chega a superar a semana, algo inadmisíbel no primeiro nivel asistencial.

En terceiro lugar, consolida o modelo privatizador de coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Así, o capítulo da nova Lei de saúde dedicado á investigación muda dun xeito significativo de nome: do inicial “Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia” ao modificado “Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia”. Asemade, omítense as referencias ás prioridades marcadas polo “Plan Galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”, e introduce unha referencia as prioridades marcadas polos plans de investigación vixentes en cada momento –sen aclarar que plans e que papel xoga neles a sanidade pública e a industria privada-, pretendendo así lexitimar o modelo privatizador do coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.

Polo tanto, por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSG de G-PSOE presenta a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

A Corporación Municipal de ARZUA, a proposta da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, acorda instar á Xunta de Galicia a:

- 1. Retirar o anteproxecto de reforma da Lei Galega de Saúde, que perpetúa as estruturas de xestión integrada.*
- 2. Restituir as xerencias de atención primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.*
- 3. Co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolver a Lei Galega de Saúde do ano 2008.*

Engade a Sra. Balado Conde que ao que leva este anteproxecto é á privatización dos servizos e non podemos deixar que se xogue con algo tan serio e que tanto nos

costou crear, porque temos unha sanidade pública das mellores que pode haber, e os servizos que presta estanse desmantelando hacia a sanidade privada; e isto vémosto aquí en Arzúa, cando non hai pediatra por un mes ou dous, e teñen que facer de pediatras os médicos de cabeceira, e tamén coas aglomeracións que hai no PAC, nos meses de verán, polo tema dos peregrinos; sen que se dote de ningún tipo de persoal, polo son moitas as ocasións en que hai colapsos.

A moción vai sobre estes temas, porque se está intentando privatizar a sanidade galega.

Deseguido abriuse unha rolda de debate, no que se realizaron as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que xa manifestou, na sesión da comisión informativa, a súa postura de votar a favor desta moción, porque cre que a situación da sanidade non é a mellor; e considera que a veces é normal pensar que, polos xestores da política sanitaria (que neste caso é o Partido Popular na Xunta de Galicia) haxa intereses de desviar a sanidade pública á privada.

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que hai que partir da premisa de que, tanto os temas de sanidade, como de pensións e educación, son uns dos pilares básicos de calquera estado de benestar; polo que vai votar a favor desta moción.

*Do Sr. alcalde, para expoñer, que o grupo político de Alternativa por Arzúa vai votar a favor, porque non hai consenso para unha lei tan importante e se debería intentar consensuar; e por outro lado a limitación que da ao acceso á información, o cal é bastante perigoso, porque iso conleva: que o resto dos grupos teñan dificultades para acceder á información, mais dificultades para facer un control de subvencións, contratos de servizos sanitarios, porque xa sabemos como están os contratos hoxe en día na sanidade, hai xente que acumula contratos de días e de horas.

Tras todo o exposto, polo Sr. Alcalde someteuse a votación ordinaria as tres propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose -por dez votos a favor (7 de AxA, 1 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG-CCTT), coa abstención dos restantes tres concelleiros do Partido Popular- o acordo de instar á Xunta de Galicia, para que se leven a cabo as seguintes actuacións:

Primeiro.- Retirar o anteproxecto de reforma da Lei Galega de Saúde, que perpetúa as estruturas de xestión integrada.

Segundo.- Restituír as xerencias de atención primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.

Terceiro.- Co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolver a Lei Galega de Saúde do ano 2008.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DITADOS POLO ALCALDE NOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO, MARZO, ABRIL E MAIO DE 2017.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 4 de xaneiro de 2017 -en que foi ditada a resolución mais inmediata a última do día 30 de decembro de 2016 (da cal se dou conta na sesión plenaria celebrada o día 30 de xuño de 2017)- ata a ditada o día 31 de maio de 2017.

Estando referidas:

* A primeira resolución (*reflectida no folio 9.138 volto*), á aprobación do padrón correspondente ao mes de decembro de 2016, que comprende a relación de suxeitos pasivos que deben pagar a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, cun total de 31 liquidacións, que supón un importe total de 3.194,96 euros (102 euros polo servizo de axuda no fogar de libre concurrencia e 3.092,96 euros polo servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia).

* Mentres que a última resolución (*reflectida nos folios 9.458 e volto e 9.459 e volto*), refírese á resolución de discrepancias formuladas nun informe de reparo emitido pola interventora municipal, con data 31 de maio de 2017.

Tendo en conta:

- Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e
- Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º DAR CONTA DO DECRETO DITADO POLO ALCALDE O DÍA 22 DE XANEIRO DE 2018, EN RELACIÓN CO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2018.

Dáse lectura da referida resolución, contida no decreto ditado polo alcalde o día 22 de xaneiro de 2018, no seguinte sentido:

“Acordada polo Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 18 de decembro de 2017, a participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018. E

Resultando que, polo persoal da Sección de Plans Provinciais da Deputación Provincial, encargado de revisar a documentación remitida por este Concello, enviouse un requirimento para que -no prazo de dez días hábiles- se corrixa as seguintes deficiencias observadas naquela documentación:

a) A falta de coincidencia, dos datos reflectidos na certificación do acordo plenario adoptado en dita sesión, cos datos aportados respecto á documentación específica da obra nomeada “Saneamento na parroquia de Castañeda”.

b) O plan complementario non cumpre co indicado na Base 4.3 das Bases reguladoras do POS+2018.

Resultando que, en canto á primeira de ditas deficiencias, faise constar que efectivamente se produciu un erro, na certificación remitida á Deputación Provincial de dito acordo: posto que o orzamento total da obra nomeada “Saneamento na parroquia de Castañeda” é de 153.361,41 euros e non de 153.301,41 euros, como erroneamente consta nesa certificación; o cal supón que, no cadro nomeado “Achea provincial 2017”, dentro do apartado nomeado “Finanzamento do investimento” figurase a cantidade de 153.301,41, tanto na aportación da Deputación, como no orzamento total, cando tiña que figurar a cantidade 153.361,41 euros; e que, no apartado nomeado “Subtotal investimentos achega provincial 2017”, figurase como importe total -das cinco obras incluídas nese cadro- a cantidade de 388.200,04 euros, no que se refire á aportación total da Deputación, cando tiña que figurar a cantidade de 388.260,04 euros.

Resultando que, en canto á segunda das deficiencias observadas, procede informar que -como esta deficiencia xa fora adiantada a este concello a través dunha conversa telefónica desde a Sección de Plan Provinciais da Deputación Provincial-, procedeuse a corrixir o proxecto técnico incluído no Plan complementario do ano 2018, ca denominación de “Arranxo de alumeado nas parroquias de Burres e Brandeso”; posto que o importe total de dito proxecto técnico tiña que ser de 70.577,96 euros, en vez dos 70.577,94 euros que figuran no proxecto técnico que aprobou o Pleno do Concello naquela sesión plenaria, e que constan na certificación do acordo plenario de 18 de decembro de 2017 remitida á Deputación.

En consecuencia con todo o exposto; esta Alcaldía, facendo uso da facultade que lle foi otorgada a través do punto oitavo do acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 18 de decembro de 2017; **RESOLVEU:**

Primeiro.- Aprobar o novo orzamento total do proxecto técnico nomeado “Arranxo de alumeado nas parroquias de Burres e Brandeso”, que foi elaborado e presentado neste Concello polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Rojo Losada; co obxecto de substituír o orzamento total que figuraba no mesmo proxecto técnico, cando foi aprobado polo Pleno do Concello, na sesión do día 18 de decembro de 2017; de maneira que o citado proxecto técnico queda redactado e aprobado por un orzamento total de 70.577,96 euros.

Segundo.- Comunicar que na acta que se estendeu da sesión plenaria celebrada o día 18 de decembro de 2017, constan correctamente transcritas as cantidades a que ascende o orzamento total do proxecto técnico nomeado

“Saneamento da parroquia de Castañeda”, en canto as deficiencias observadas que quedaron indicadas no Resultado segundo desta resolución; posto que o erro non se produciu á hora de elaborar a acta de dita sesión, senón cando se elaborou a certificación de dito acordo que se remitiu á Deputación Provincial.

Terceiro.- Remitir á Deputación Provincial:

a) *Unha certificación do acordo que adoptara o Pleno do Concello na sesión de 18 de decembro de 2017, cos datos correctos da obra incluída no proxecto técnico nomeado “Saneamento na parroquia de Castañeda”, incluíndo a corección tamén da suma total do importe dos proxectos técnicos que figuran no cadro “Achea provincial 2017”.*

b) *Outra certificación da presente resolución, para acreditar a aprobación da modificación do proxecto técnico nomeado “Arranxo de alumeado público nas parroquias de Bures e Brandeso”, cun orzamento total de 70.577,96 euros.*

Cuarto.- *Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución, na primeira sesión que celebre.”*

Tras a lectura do devandito decreto, adoptouse -por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- o acordo de ratificar en todos os seus termos as resolucións que contén o citado decreto do alcalde, e dar traslado á Deputación Provincial dunha certificación do presente acordo.

Punto 3º) DAR CONTA DO DECRETO DITADO POLO ALCALDE O DÍA 23 DE XANEIRO DE 2018, EN RELACIÓN CO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) POS+2017 ADICIONAL 1/2017.

Dáse lectura da referida resolución, contida no decreto ditado polo alcalde o día 23 de xaneiro de 2018, no seguinte sentido:

“Acordada polo Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 3 de novembro de 2017, a inclusión do proxecto técnico nomeado: Subministro e instalación de equipos para a renovación do alumeado público na parroquia de Brandeso, lugar de Os Campos e outros, por un orzamento total de 20.420,44 euros, no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2017 Adicional 1/2017 da Deputación Provincial da Coruña. E

Resultando *que polo persoal do Servizo de Plans Provinciais da Deputación Provincial, encargado de revisar dito proxecto técnico apreciouse que, no plano nomeado “ Emprazamento“, que contén ese proxecto, non figuraban ubicados os puntos de luz que se pretenden renovar en varios lugares da parroquia de Brandeso.*

Polo que, ante o requirimento formulado, a través daquela conversación telefónica, para que se corrixa esas omisións, este alcalde requiriu ao enxeñeiro

técnico industrial Pablo Rojo Losada, para que corrixe o referido plano de emprazamento, ao obxecto de situar no mesmo os cinco puntos de luz que se describen na memoria descritiva do proxecto.

Resultando que se correxiu ese plano de emprazamento, no sentido de reflectir no mesmo o lugar exacto onde se atopan os cinco puntos de luz que se pretenden renovar.

*Este alcalde, facendo uso da facultade que lle foi otorgada a través do punto sétimo do acordo plenario do día 3 de novembro de 2017, **RESOLVEU**:*

***Primeiro.**- Aprobar o novo plano de emprazamento que presentou neste Concello o enxeñeiro técnico industrial don Pablo Rojo Losada, para substituír ao que figuraba no proxecto técnico de data outubro de 2017, referido ao subministro e instalación de equipos para a renovación do alumado público na parroquia de Brandeso; de maneira que a partir deste momento dito plano pase a substituír ao anterior, que fora remitido á Deputación Provincial sen a ubicación dos cinco puntos de luz que se pretenden renovar. E, en consecuencia, manter intacto o resto do proxecto técnico que aprobara o Pleno do Concello, naquela sesión do día 3 de novembro de 2017.*

***Segundo.**- Remitir de novo ese proxecto técnico, coa modificación indicada, á Deputación Provincial, a través da plataforma SUBTEL, así como tamén unha certificación da presente resolución.”*

***Terceiro.**- Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.*

Tras a lectura do devandito decreto, adoptouse -por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- o acordo de ratificar en todos os seus termos as resolucións que contén o citado decreto do alcalde, e dar traslado á Deputación Provincial dunha certificación do presente acordo.

Punto 4º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN (REFERIDO AO CUARTO TRIMESTRE DE 2017), ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo alcalde indícase que ese informe refírese ao **cuarto trimestre** do pasado exercicio económico, que foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, con data 9 de febreiro de 2018, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 n° 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe, sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

2) No artigo 5 apartado 4° da mesma lei indícase que “a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurrirán máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitarán os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 n° 3 e o artigo 3 n° 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e tesoureiro emitiron un informe con data 9 de febreiro de 2018, tomando como base os datos obtidos do programa de contabilidade SICALWIN; de cuxo informe se deduce que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de outubro e 31 de decembro de 2017, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no cuarto trimestre de 2017:

| | Dentro do período legal de pago | Fóra do período legal de pago |
|-----------------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Número de pagos | 1.769 | 23 |
| Importe total | 1.569.162,03 euros | 45.630,74 euros |
| Período medio de pago | 32,28 días | |

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 n° 3 Lei 15/2010):

| | Dentro do período legal de pago | Fóra do período legal de pago |
|-----------------------------------|---------------------------------|-------------------------------|
| Número de pagos | 23 | 0 |
| Importe total | 19.492,60 euros | 0 euros |
| Período medio de pendente de pago | 10,30 días | |

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 n° 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0

- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada pola interventora e polo tesoureiro, a través do informe indicado.

Segundo.- Dar traslado do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Punto 5º DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN EMITIDO AO ABEIRO DA BASE 55 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO SOBRE AS XUSTIFICACIÓNS DAS ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS REFERIDAS AOS ANOS 2015 E 2016.

Dáse conta do referido informe, que foi emitido pola interventora con data 26 de febreiro de 2018, tendo en conta a xustificación do emprego das asignacións económicas aboadas aos grupos políticos representados nesta Corporación Local, durante os anos 2015 e 2016;

A través de cuxo informe se conclúe que se cumpriu a obriga de xustificar a asignación aos grupos políticos, existindo unha economía na xustificación dos grupos do Partido Popular e de Alternativa por Arzúa, respecto das cales se deberá esixir o reintegro ou proceder á compensación coas achegar a que teñan dereito nos exercicios 2017 e 2018.

Ao tempo que se lembra ao Pleno da Corporación que segundo o establecido no artigo 73 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

Tras o exposto, adoptouse -por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados do contido do informe emitido pola interventora.

Punto 6º ROGOS E PREGUNTAS.

Polo concelleiro de CxG-CCTT, Sr. García Couso, formuláronse as seguintes **PREGUNTAS** ao Sr. Alcalde:

Hai dous ou tres meses os veciños da Calexa foron convocados a un acto de información no Concello, e aparte de concelleiro el é tamén veciño desa rúa; e se lles pediu que fixeran algunha proposta de modificación do estado de ordenación desa área

de Arzúa; polo que realiza as seguintes preguntas:

Primeira.- ¿Se houbo algunha proposta; ou, se non hai propostas, se o concello fixo algunha proposta para presentarlle aos veciños, porque o Concello é quen ten os medios e maior facilidade para facela?

Segunda.- ¿Se se fixo algún traballo para a modificación do Plan Xeral, como así se prometeu na campaña electoral hai tres anos?

Terceira.- ¿ Se hai perspectivas de que se elaboren os orzamentos municipais do ano 2018, ou se hai á vista un período de tempo no que se vaian a presentar, ou aínda están sen perspectiva?

Responde o Sr. alcalde:

* En canto ás propostas da Calexa, quere dicir que non recibiu ningunha. A reunión fixose porque había xente interesada en que se reformase o Plan Xeral nesa zona, polo tema das alturas, xa que había máis oferta para vivendas unifamiliares. E comprobou que había bastante desinformación por parte da xente; se lles dixo que deberían falar, que tiñan que poñerse de acordo, porque o mellor sería que a reforma partira dalgún tipo de iniciativa; senón é así, teme que se vaia facer a reforma e vaia a quedar como está. Entón, se non hai propostas, ao final nós faremos algunha.

* En canto ao Plan Xeral, quere dicir que en breve traeremos ao Pleno o que está para cumprir coa sentenza que afecta a una zona de Santa María; e tamén se está mirando o tema do que é forestal, porque reclamao a xente; pero estamos á espera de ver que sucede, porque hai algún Concello que xa o ten feito, pero parece ser hai un problema entre dúas consellerías que teñen que facer os informes, pois se ben chegaron a un acordo en principio, despois volveronse atrás.

Ante esta situación, estamos á espera do que vaia a pasar con algún Concello que está na mesma situación; porque se ao final as dúas consellerías non se poñen de acordo, non vai ser aceptado, e polo tanto non se perdería o tempo en facelo.

En algún momento lle pedirá a algún técnico que o veña explicar ao Pleno, porque para el é difícil de explicar o porqué as dúas consellerías non se poñen de acordo.

* En canto aos orzamentos municipais, o motivo de que se estean retrasando se debe a que se está facendo unha pequena reforma da Realción de Postos de Traballo, e estamos á espera de chegar a un acordo para aprobar a RPT que se incluírá no orzamento municipal; pero a súa intención é traelo no mes que comeza hoxe.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 22.20 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.

